

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**9133** *Real decreto 725/2020, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento da Real e Militar Orde de San Hermenexildo.*

A Real e Militar Orde de San Hermenexildo foi constituída polo Real decreto do 28 de novembro de 1814. A través da súa dilatada historia produciuse un proceso de adaptación do seu regulamento á evolución social das Forzas Armadas, conservando o espírito que conforma a finalidade da orde.

O último cambio tivo lugar tras da entrada en vigor do Real decreto 1189/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Real e Militar Orde de San Hermenexildo, o cal proporcionou unha experiencia práctica importante e demostrou a súa utilidade; non obstante, desde que se aprobou, continuou a promulgación de disposicións que o afectan, polo que é aconsellable unha revisión do seu texto para adecualo a elas. Entre todas as anteriores destacan as seguintes: a Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas; a Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas; a Lei orgánica 14/2015, do 14 de outubro, do Código penal militar; a Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, de réxime disciplinario da Garda Civil; a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar; a Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, e o Real decreto 240/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o estatuto do persoal do Centro Nacional de Intelixencia.

Así mesmo, coa revisión do actual regulamento cúmprese co establecido no punto 3 da disposición adicional segunda da Lei 39/2007, do 19 de novembro, cando regula que: «Regulamentariamente se establecerán os feitos ou servizos e as circunstancias que determinarán a concesión das diferentes recompensas, así como os trámites e os procedementos».

Desde a entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2008 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, o punto 5 do seu artigo 109 xerou controversia, xa que o concepto de «ter a condición de militar en suspenso» non determina cales son os dereitos e deberes que en tal situación se restrinxen, razón pola cal fixeron interpretacións diferentes, tanto organismos oficiais como tribunais de xustiza.

Aínda que as situacións administrativas nas cales se teña a condición de militar en suspenso non impiden o ingreso ou o ascenso dentro da orde, si se considerou que os tempos transcorridos nas ditas situacións non serven para perfeccionar os tempos mínimos exixidos, xa sexa para ingresar na orde xa para ascender dentro dela.

Como se indicou anteriormente, unha das características dos sucesivos regulamentos da Real e Militar Orde de San Hermenexildo foi a de adaptarse á evolución das Forzas Armadas dentro da sociedade de que forman parte os seus compoñentes. Neste contexto hai que sinalar que se para condutas penalmente reprobables se recollen circunstancias modificativas da responsabilidade, e incluso o perdón, igualmente parece razoable que, no ámbito do dereito premial en que nos encontramos, se poida incluír un mecanismo que faculte a Asemblea Permanente para poder valorar a variación das circunstancias que motivaron, no seu momento, a desestimación dunha solicitude de ingreso ou ascenso, cumprindo sempre as condicións indicadas no capítulo III do regulamento que se propón.

Desde a aprobación do Regulamento de 2000 implantáronse novos sistemas telemáticos de xestión que permiten o acceso a diversas bases de datos desde a Chancelaría da orde, o cal aconsella reducir o número de documentos exixibles para o ingreso ou ascenso naquela, axilizándose desta maneira a tramitación dos expedientes.

En canto á presenza do corpo da Garda Civil na orde, suprímese a individualización existente respecto do vogal dese corpo na Asemblea Permanente, o que dá máis flexibilidade á hora de valorar a presenza da Garda Civil na dita asemblea. Todo iso sen

variar o número total de vogais e garantindo a presenza dos Exércitos, da Armada e do corpo da Garda Civil na Asemblea Permanente, á marxe daqueles que resultan vogais pola súa condición de antigos xefes do Estado maior ou xefe do Cuarto Militar da Casa da súa maxestade o rei.

Neste sentido, incrementáronse de catro a oito os cabaleiros ou damas do corpo da Garda Civil que integran o Capítulo, dado o peso proporcional do dito instituto na orde, tanto respecto das solicitudes de ingreso ou ascenso, como dos cadros de persoal das Forzas Armadas e da Garda Civil.

Neste ámbito do dereito, o ingreso e o ascenso nesta real e militar orde son un premio á observancia dunha conduta irreprobable, tras a valoración desta por parte da Asemblea Permanente. Do mesmo modo, parece razoable recoller a posibilidade de que causen baixa na orde aquelas persoas que deixasen de observar a dita conduta, incluso tendo a consideración de militar retirado. Trátase de evitar así que poidan permanecer na orde persoas cuxas condutas sexan contrarias aos valores en que se fundamenta ou que tales condutas afecten negativamente a boa imaxe dela.

En consecuencia, inclúese un artigo que regula o procedemento para os ditos supostos, para causar baixa na orde o persoal coa consideración de militar retirado, así como para os militares das Forzas Armadas e da Garda Civil coa condición de militar ou de Garda Civil en suspenso.

En anoloxía co establecido no Regulamento da Real e Militar Orde de San Fernando, inclúese a consideración de comisión de servizo indemnizable a asistencia ás reunións e actos da orde naqueles supostos en que se dean os requisitos previstos pola lexislación vixente en materia de indemnizacións por razón de servizo.

Durante a súa tramitación respecto deste real decreto emitiron informe as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, de acordo co establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiron informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas e o Consello da Garda Civil, de acordo co recollido na Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, de eficacia, de proporcionalidade, de seguridade xurídica, de transparencia e de eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de agosto de 2020,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento da Real e Militar Orde de San Hermenexildo, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Mantemento das contías das pensións recoñecidas.*

As pensións recoñecidas ata o 1 de marzo de 1994 manterán a súa contía con carácter vitalicio.

Así mesmo, os oficiais e os suboficiais que, antes do 1 de marzo de 1994, reunisen as condicións para alcanzar as diferentes categorías da Cruz, establecidas no Real decreto 38/1986, do 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Cruz á Constancia no Servizo, e que foi derogado polo Real decreto 223/1994, do 14 de febreiro, manterán na

súa actual contía e con carácter vitalicio as pensións recoñecidas no ano 1989 para cada unha das categorías.

Disposición transitoria primeira. *Réxime dos procedementos xa iniciados.*

Os procedementos iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto serán regulados polas normas vixentes no momento da solicitude e, de acordo con eles, resolveranse, salvo que o establecido no presente regulamento for máis favorable para o interesado.

Disposición transitoria segunda. *Conservación de dereitos consolidados.*

Os membros da Real e Militar Orde de San Hermenexildo que pasasen a retiro con anterioridade á data do 1 de xaneiro de 1990 non poderán acollerse aos dereitos recoñecidos neste regulamento, pero seguirán conservando, como integrantes da orde, os xa consolidados con anterioridade á data en que se produciu o dito pase.

Disposición transitoria terceira. *Tramitación electrónica.*

Establécese un prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto para a completa implantación do procedemento de tramitación electrónica das solicitudes, segundo o disposto no artigo 16.2 do regulamento. Ata ese momento poderá seguirse empregando a tramitación non electrónica, para o que se aplicará, se for necesario, o regulamento aprobado polo Real decreto 1189/2000, do 23 de xuño.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1189/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Real e Militar Orde de San Hermenexildo.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación regulamentaria.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de agosto de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,  
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ

## REGULAMENTO DA REAL E MILITAR ORDE DE SAN HERMENEXILDO

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Finalidade.*

A Real e Militar Orde de San Hermenexildo ten por finalidade recompensar e distinguir os oficiais xenerais, oficiais e suboficiais do Exército de Terra, da Armada, do Exército do Aire, dos corpos comúns das Forzas Armadas e do corpo da Garda Civil, pola súa

constancia no servizo e a irreprochable conduta, a teor do cal establecen as reais ordenanzas para as Forzas Armadas.

#### Artigo 2. *Categorías.*

A Real e Militar Orde de San Hermenexildo está integrada por cabaleiros e damas, coas seguintes categorías:

- a) Gran Cruz.
- b) Placa.
- c) Encomenda.
- d) Cruz.

#### Artigo 3. *Concesión.*

1. A Gran Cruz concederáse mediante real decreto, acordado en Consello de Ministros.

2. A Placa, Encomenda e Cruz concederáse mediante orde da persoa titular do Ministerio de Defensa.

## CAPÍTULO II

### **Organización, dignitarios e órganos reitores e administrativos**

#### Artigo 4. *Soberano da orde.*

1. A súa maxestade o rei é o soberano da Real e Militar Orde de San Hermenexildo.
2. Presidirá o seu Capítulo.
3. Expedirá as reais cédulas das diferentes categorías da orde.
4. A súa insignia é o colar de soberano.

#### Artigo 5. *Órganos reitores e administrativos.*

A Real e Militar Orde de San Hermenexildo réxese polos seguintes órganos:

- a) Capítulo.
- b) Asemblea Permanente.
- c) Chancelaría.

#### Artigo 6. *Capítulo.*

1. O Capítulo, órgano superior de goberno da orde, presidido pola súa maxestade o rei, como soberano e, na súa ausencia, polo gran chanceler, reunirase cada dous anos en sesión ordinaria e, con carácter extraordinario, sempre que o soberano o dispoña.

2. O Capítulo intégrano, ademais dos membros da Asemblea Permanente, cincuenta e dous cabaleiros ou damas dos cales vinte pertencen ao Exército de Terra, dez á Armada, dez ao Exército do Aire, catro aos corpos comúns das Forzas Armadas e oito ao corpo da Garda Civil; corresponden trece capitulares a cada unha das categorías de Gran Cruz, Placa, Encomenda e Cruz.

O gran chanceler solicitará oportunamente, da persoa titular da Subsecretaría de Defensa respecto dos corpos comúns, dos xefes de Estados Miores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, así como da persoa titular da Dirección Xeral da Garda Civil, a designación dos capitulares correspondentes.

3. Poderán formar parte do Capítulo as autoridades militares que, pertencentes á orde, sexan convidadas polo soberano, así como polo gran chanceler.

Así mesmo, poderán asistir ás sesións de carácter extraordinario, como convidados, aquelas personalidades que considere conveniente o soberano.

4. O Capítulo coñecerá dos asuntos que lle sexan sometidos por iniciativa do soberano, ou ben por proposta da Asemblea Permanente, e adoptará os seus acordos por maioría simple, en votación secreta.

Os asuntos deberán ser sometidos ao Capítulo con todos os antecedentes, datos e informes que os ilustren adecuadamente.

Nas votacións tomarán parte todos os cabaleiros e damas capitulares cando se trate de asuntos relacionados coa categoría de Cruz; os de categoría de Encomenda, Placa e Gran Cruz cando se refiran a Encomenda; os de Placa e Gran Cruz para os relativos á Placa e unicamente os de Gran Cruz cando o asunto afecte esta categoría.

5. Cando o soberano non presida o Capítulo, o gran chanceler daralle conta do resultado das votacións realizadas, con expresión do parecer da Asemblea Permanente e, se é o caso, do resto de cabaleiros e damas capitulares asistentes.

6. Todos os compoñentes do Capítulo terán a medalla pectoral correspondente, no desenvolvemento dos actos capitulares.

## Artigo 7. *Asemblea Permanente.*

1. A Asemblea Permanente da orde está constituída por:

O gran chanceler, que a presidirá, o censor, que actuará de secretario, e os seguintes vogais:

a) Os oficiais xenerais que, pertencendo á orde, exercen o cargo de xefe de Estado Maior da Defensa, xefe de Estado Maior do Exército de Terra, xefe de Estado Maior da Armada, xefe de Estado Maior do Exército do Aire ou xefe do Cuarto Militar da Casa da súa maxestade o rei.

Poderán permanecer como membros da Asemblea Permanente durante un período máximo de seis anos, a partir da data do seu nomeamento, sempre que sigan pertencendo á orde; neste caso atrasarán o seu pase á situación de retiro ata o momento do seu cesamento.

b) Sete oficiais xenerais en situación de reserva e en posesión da Gran Cruz, tres deles, ao menos, co emprego de tenente xeneral ou almirante, xeneral de división ou vicealmirante e un do corpo xurídico militar, que exerce, ademais, a función de asesor do Capítulo e da Asemblea Permanente. Sempre deberán estar representados o exército de Terra, a Armada, o exército do Aire e o corpo da Garda Civil.

O nomeamento e cesamento dos vogais farase por orde ministerial, oído o gran chanceler respecto dos sinalados na letra b).

O vogal de maior emprego e antigüidade substituirá o gran chanceler en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Cando o soberano da orde asista a algunha sesión da Asemblea Permanente presidiráa.

2. Son funcións da Asemblea Permanente:

a) Emitir informe nos casos en que o requira o soberano, a persoa titular do Ministerio de Defensa ou o gran chanceler.

b) Actuar como órgano asesor da persoa titular do Ministerio de Defensa e emitir informe, cando esta o solicite, no proceso de elaboración de disposicións de carácter xeral que poidan incidir no establecemento ou modificación de recompensas militares, ou das reais ordenanzas para as Forzas Armadas.

c) Apreciar a conduta irreplicable, para efectos de ingreso, ascenso ou permanencia na orde.

d) Propoñer as resolucións aos expedientes sobre ingreso, ascenso e baixa na orde, unha vez oído o censor.

e) Velar polo cumprimento deste regulamento.

3. As deliberacións da Asemblea Permanente serán de carácter reservado e todos os seus compoñentes terán voz e voto, e deberán observar a confidencialidade e reserva da información que conteña a documentación dos interesados.

4. A Asemblea Permanente conservará e custodiará o estandarte, que estará presente nos actos solemnes da orde e os seus compoñentes presentarán neles a medalla pectoral.

5. A Asemblea Permanente actuará tamén como asemblea da Real e Militar Orde de San Fernando, segundo prevén o regulamento desta orde.

#### Artigo 8. *Chancelaría.*

1. A Chancelaría, constituída pola Comisión Executiva e a unidade administrativa, levará a cabo a xestión e tramitación de todos os asuntos da orde, así como os da Real e Militar Orde de San Fernando.

2. A Comisión Executiva, presidida polo censor da orde, componse dun número suficiente de cabaleiros ou damas, coa categoría de Placa, un deles con emprego de suboficial maior. Depende orgánica e funcionalmente do gran chanceler.

3. Os compoñentes da Comisión Executiva serán designados por orde da persoa titular do Ministerio de Defensa, por proposta do gran chanceler.

4. Son funcións da Comisión Executiva a xestión de cantos asuntos relacionados coas reais e militares ordes de San Hermenexildo e San Fernando lle sexan encomendados e a organización, a coordinación e a supervisión dos actos capitulares e celebracións solemnes de ambas as ordes, e asistir o Capítulo no desenvolvemento das súas funcións.

5. A unidade administrativa preparará, baixo a dirección do censor, os asuntos que deban coñecer as asembleas das dúas reais e militares ordes.

Depende orgánica e funcionalmente do gran chanceler e administrativamente da Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa.

As vacantes desta unidade administrativa serán publicadas no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» por petición do gran chanceler.

Os rexistros e arquivos das dúas reais e militares ordes estarán a cargo da dita unidade administrativa.

6. A unidade administrativa encadra a Secretaría do gran chanceler cun suboficial, cabaleiro ou dama, coa categoría de Placa, que depende orgánica e funcionalmente do gran chanceler.

#### Artigo 9. *Gran chanceler.*

1. O gran chanceler da Real e Militar Orde de San Hermenexildo, representante da suprema dignidade do soberano, será un xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do Aire, en situación de reserva, en posesión da Gran Cruz da orde, nomeado mediante real decreto, acordado en Consello de Ministros, por proposta da persoa titular do Ministerio de Defensa. Poderá permanecer no seu cargo durante un período máximo de seis anos a partir da data do seu nomeamento como vogal da Asemblea Permanente, sempre que siga pertencendo á orde.

2. Correspóndelle:

a) Presidir o Capítulo en ausencia do soberano da orde.  
b) Presidir a Asemblea Permanente, salvo que a presida o soberano da orde de acordo co previsto no artigo 7.1.

c) Consultar co soberano da orde os asuntos transcendentales, presentándolle as propostas e acordos adoptados polo Capítulo ou, se é o caso, pola Asemblea Permanente.

d) Trasladar á persoa titular do Ministerio de Defensa as propostas adoptadas sobre concesión ou denegación das distintas categorías da orde ou de baixa nesta, para a súa resolución e posterior publicación do real decreto ou orde correspondente.

e) Presidir a Asemblea da Real e Militar Orde de San Fernando.



3. A súa insignia é o Colar de gran chanceler, que levará nas solemnidades da orde. Tamén poderá levalo noutras ocasións cando acuda en representación da orde.

#### Artigo 10. *Censor.*

1. O censor da Real e Militar Orde de San Hermenexildo, principal informador da Asemblea Permanente con carácter preceptivo, será un xeneral de brigada ou contraalmirante en situación de reserva, pertencente ao Exército de Terra, á Armada, ao Exército do Aire ou ao Corpo da Garda Civil, en posesión da Gran Cruz da orde, nomeado pola persoa titular do Ministerio de Defensa, logo de informe do gran chanceler.

2. Correspóndelle:

a) Informar a Asemblea Permanente sobre todos os expedientes que se instrúan para ingreso, ascenso ou baixa na orde, así como os que se tramiten por incidencias relacionadas con ela.

b) Exercer o cargo de secretario do Capítulo e da Asemblea Permanente.

c) Presidir a Comisión Executiva.

d) Dirixir a actividade da unidade administrativa en relación cos asuntos que afecten a orde.

#### Artigo 11. *Axudas de custo e pasaportes.*

A asistencia ás reunións e actos dos distintos órganos da Real e Militar Orde de San Hermenexildo terá o carácter de comisión de servizo indemnizable naqueles supostos en que se dean os requisitos previstos pola lexislación vixente en materia de indemnizacións por razón de servizo.

### CAPÍTULO III

#### Réxime da orde

#### Artigo 12. *Condicións xerais.*

1. Para ingresar ou ascender na Real e Militar Orde de San Hermenexildo son requisitos indispensables:

a) Ser oficial xeneral, oficial ou suboficial dos distintos corpos e escalas que integran as Forzas Armadas e o corpo da Garda Civil.

b) Ter cumpridos os tempos de servizo que se indican no artigo seguinte.

c) Ter observado unha conduta irreprobable a teor do que establecen as reais ordenanzas das Forzas Armadas.

d) Non ter, na data de solicitude, delitos ou faltas e as penas ou sancións correspondentes sen cancelar na súa documentación persoal.

2. A cancelación das notas desfavorables estampadas no historial militar, historial profesional ou expediente persoal non asegura o dereito dos interesados ao ingreso ou ascenso na orde, xa que, aínda anulada a súa inscrición, a Asemblea Permanente pode apreciar, á vista dos antecedentes que serviron de base ás anotacións, que, pola natureza dos feitos que as orixinaron, pola súa reiteración ou por outras circunstancias, non se corresponden cunha conduta irreprobable.

Para estes efectos, a Asemblea Permanente da orde poderá solicitar dos órganos de persoal onde radiquen as documentacións, conforme o disposto na normativa vixente, a certificación dos antecedentes que serviron de base ás notas canceladas e das cualificacións periódicas, informes persoais e observacións dos mandos, se é o caso. Igualmente, poderá comprobar a información e os datos facilitados polo solicitante.

A orde poderá dirixirse aos xulgados e tribunais que considere conveniente, así como ás unidades, centros ou organismos das Forzas Armadas ou da Garda Civil, ou órganos

da Administración Civil do Estado que considere apropiado, co fin de comprobar a información subministrada polo interesado ou ampliála, con salvagarda, en todo caso, das normas en materia de protección de datos persoais.

3. Non terán acceso á orde aqueles que non teñan algún dos empregos das distintas categorías de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais, aínda que teñan concedida a asimilación, consideración ou emprego honorífico nelas, a excepción daqueles ascensos honoríficos concedidos polo Consello de Ministros en virtude do artigo 24.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e do artigo 20.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, no caso de que a incapacidade permanente para o servizo se producise en acto de servizo ou como consecuencia deste.

#### Artigo 13. *Tempos para ingreso ou ascensos.*

1. Poderán ingresar na Real e Militar Orde de San Hermenexildo, como cabaleiros ou damas Cruz, os oficiais xenerais, oficiais e suboficiais que leven vinte anos de servizo.

2. A categoría de cabaleiro ou dama Comendador poderá obterse, por ascenso do cabaleiro ou dama Cruz, cando se conten cinco anos de servizos posuíndo esta categoría.

3. A categoría de cabaleiro ou dama Placa poderá obterse, por ascenso do cabaleiro ou dama Comendador, cando se conten cinco anos de servizo posuíndo esta categoría.

4. A categoría de cabaleiro ou dama Gran Cruz poderá obterse, por ascenso do cabaleiro ou dama Placa, cando se conten, cando menos, tres anos de servizo posuíndo esta categoría e se posúa o emprego de oficial xeneral.

5. O cómputo dos prazos anteriormente sinalados para o ingreso e ascenso a cada categoría efectuarase aplicando os aumentos e descontos que procedan, conforme o disposto no artigo seguinte.

#### Artigo 14. *Validación de tempos.*

1. Para o ingreso ou ascenso na orde considerarase o tempo que se permaneceu nas situacións administrativas segundo o establecido nos puntos 2 e 3 seguintes. Así mesmo, computarase o tempo transcorrido na situación de reserva do militar profesional, pero non o de reserva do servizo militar anterior á consideración de militar profesional.

2. Os tempos que deben ser computados, tras descontarse o tempo transcorrido nas situacións da suspensión de funcións e da suspensión de emprego, serán os seguintes:

a) Tempo de servizo en calquera das situacións administrativas en que non se teña a condición de militar ou de garda civil en suspenso. Ao persoal estatutario do Centro Nacional de Intelixencia seralle de aplicación o disposto no punto 4 da disposición derradeira cuarta do Real decreto 240/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o Estatuto do persoal do Centro Nacional de Intelixencia.

b) Tempo de servizo como militar de recrutamento anual.

c) Tempo de servizo como militar profesional de tropa ou mariñaría ou como membro da escala de cabos e gardas do corpo da Garda Civil.

d) Tempo de servizo como militar de complemento ou equivalente.

e) Tempo que proceda por permanencia como alumno nos centros docentes militares de formación para militares de carreira.

f) Tempo de servizo que proceda como participante en operacións militares para a defensa de España ou para o mantemento da paz e da seguridade internacionais. Este último tempo de servizo será computado co aumento que, para cada caso, determine a persoa titular do Ministerio de Defensa, por proposta do xefe de Estado Maior da Defensa.

3. Os anos e os meses para cómputo de tempos serán os naturais e expresaranse en días os que excedan estes. Para a composición de meses, pola suma de días, contarase un mes cada trinta días e un ano por cada doce meses.

Para determinar os días que deban computarse, cando a situación que dea lugar ao feito se exprese entre dúas datas, contaranse ambas as dúas.



Artigo 15. *Ingreso do herdeiro ou da herdeira da Coroa.*

O herdeiro ou a herdeira da Coroa poderá ingresar na Real e Militar Orde de San Hermenexildo, coa categoría de Gran Cruz, por disposición do soberano.

Artigo 16. *Solicitudes de ingreso ou ascenso.*

1. O procedemento de ingreso ou ascenso na orde, salvo o disposto no artigo 15, iniciárase por solicitude do interesado dirixida ao soberano. A solicitude, que será tramitada a través do gran chanceler, incluírá a declaración sobre os seus antecedentes penais e disciplinarios, así como a autorización para a súa comprobación.

2. As solicitudes elevaranse por conduto regulamentario a través dos medios electrónicos dispoñibles no Ministerio de Defensa e na Dirección Xeral da Garda Civil.

3. O persoal que mantivese na súa historial militar, historial profesional ou expediente persoal algunha nota desfavorable non poderá solicitar o ingreso ou ascenso na orde ata que fose cancelada.

4. Tampouco poderá solicitar o ingreso ou ascenso quen se encontre sometido a procedemento penal ou disciplinario. Se ao finalizar o procedemento non houber condena ou sanción, poderase solicitar de novo o ingreso ou ascenso na orde e asignarase como data de antigüidade a do cumprimento das condicións.

5. Non poderán solicitar o ingreso ou ascenso na Real e Militar Orde de San Hermenexildo aqueles que cesasen na relación de servizos profesionais antes de cumprir as condicións exixibles para cada categoría que marca o presente regulamento.

6. Aquelas persoas ás cales lles fose desestimado o seu ingreso ou ascenso na orde mediante resolución firme poderán solicitar de novo o ingreso ou ascenso, sempre que acrediten a variación das circunstancias que fundamentaron a dita resolución, as cales serán valoradas pola Asemblea Permanente, coas condicións seguintes:

a) Que transcorresen os tempos previstos no artigo 13 deste regulamento desde a data de imposición da última sanción penal ou disciplinaria que se tivese en consideración para a desestimación da solicitude de ingreso ou ascenso.

b) Que desde a data citada mantivese a irreprouvable conduta exixida para o ingreso ou ascenso na orde.

c) Que a Asemblea Permanente aprobe o ingreso ou ascenso, por unha maioría simple.

Artigo 17. *Procedemento.*

1. As solicitudes de ingreso ou ascenso tramitaranas os xefes de unidade, centro ou organismo, a través do órgano de persoal onde radique a súa documentación.

As ditas solicitudes serán acreditadas polo órgano de persoal, ou órganos depositarios dos historiais militares, historiais profesionais ou expedientes persoais, coa seguinte documentación:

a) Folla resumo de servizos ou expediente persoal, emitido polo xefe de unidade, centro ou organismo correspondente, en que figurará o tempo de servizos efectivos, os aumentos e as deducións de tempos que non sexan computables para efectos da orde.

Cando se trate de ascensos na orde, só se cubrirán os datos correspondentes ao período de tempo transcorrido entre a última concesión e a que se solicita.

b) Certificación do órgano de persoal correspondente, cando nos informes persoais de cualificación do solicitante teña dous ou máis informes persoais de cualificación anuais consecutivos negativos na cualificación global ou nos conceptos de disciplina ou prestixio.

2. Unha vez cumpridos os prazos e condicións regulamentarios para o ingreso ou ascenso na orde, os interesados poderán presentar as súas solicitudes. Se o fan dentro do prazo de seis meses, asignaráselles como data de antigüidade a do cumprimento das condicións.

Se as solicitudes de ingreso ou ascenso se presentasen con posterioridade ao referido prazo de seis meses, asignaráselles, como data de antigüidade, a de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, salvo que a demora se xustifique como non imputable ao petionario.

3. Á vista da documentación achegada e oído o censor, a Asemblea Permanente formulará a proposta pertinente, que o gran chanceler trasladará á persoa titular do Ministerio de Defensa para a súa resolución e, se é o caso, publicación do real decreto ou orde ministerial correspondente.

A persoa titular do Ministerio de Defensa poderá devolver as propostas presentadas expresando o seu desacordo, para a súa reconsideración por parte da Asemblea Permanente.

As resolucións que se adopten serán motivadas e axustaranse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberán notificarse de acordo co establecido na mesma lei.

Os procedementos de ingreso ou ascenso na orde resolveranse no prazo de seis meses, distribuídos da seguinte forma:

- a) Dous meses, para que o órgano de persoal documente a solicitude e remita o expediente á Asemblea Permanente.
- b) Tres meses, para que a Asemblea Permanente faga a súa proposta e o gran chanceler lla traslade á persoa titular do Ministerio de Defensa.
- c) Un mes, para que se publique a resolución, mediante real decreto ou orde ministerial, no «Boletín Oficial del Estado» ou no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

Se no prazo dos seis meses establecido non se notificase a decisión, a solicitude considerarase desestimada e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, conforme o regulado na Lei 39/2007, do 19 de novembro.

Todas as notificacións dos procedementos recollidos neste regulamento serán validamente realizadas no destino do interesado, se o tiver, ou, se é o caso, no domicilio que este designase expresamente ante a chancelaría, delegación ou subdelegación de defensa correspondente e, no seu defecto, no último domicilio coñecido pola Administración militar. Se non for posible a súa localización, a notificación será publicada no boletín oficial que corresponda.

4. O falecemento do interesado non impedirá a continuación do procedemento ata a súa resolución.

#### Artigo 18. *Recursos.*

As resolucións do Consello de Ministros e da persoa titular do Ministerio de Defensa, no ámbito da súas respectivas competencias, poñerán fin á vía administrativa e poderá interpoñerse contra estas, con carácter potestativo, recurso de reposición previo á vía contencioso-administrativa.

#### Artigo 19. *Real cédula.*

Concedida a recompensa, expedirase a real cédula que o acredite e anotarase na documentación persoal do interesado.

Os dereitos e obrigas da recompensa obtida enténdense concedidos pola publicación desta no «Boletín Oficial del Estado» ou no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», se é o caso.

## CAPÍTULO IV

### Dereitos

Artigo 20. *Uso e emprego das condecoracións.*

1. Todos os cabaleiros e damas pertencentes á orde poderán levar sobre o uniforme as condecoracións desta que teñan concedidas e os correspondentes pasadores, de acordo coas normas regulamentarias de uniformidade.

2. Nos actos solemnes da orde, os cabaleiros e damas que tomen parte neles levarán unicamente a condecoración de maior categoría da Real e Militar Orde de San Hermenexildo que teñan concedida, as condecoracións a que teñan dereito segundo o Regulamento da Real e Militar Orde de San Fernando e a insignia da orde que, se é o caso, lle corresponda a cada un.

Artigo 21. *Imposición.*

Cando os interesados estean en situación de servizo activo ou ocupando destinos asignados á de reserva, as condecoracións serán impostas con solemnidade, con ocasión de que a unidade a que pertence o condecorado forme con armas, ou na forma e lugar que determine o xefe ou director, cando pertenza a centros ou organismos.

Nos demais casos, a entrega da real cédula equivalerá á imposición citada no parágrafo anterior.

Artigo 22. *Dereitos económicos.*

As diferentes categorías da Real e Militar Orde de San Hermenexildo, que se establecen neste regulamento, non comportarán a percepción de ningunha pensión.

## CAPÍTULO V

### Inhabilitación

Artigo 23. *Impedimentos.*

1. Non poderán ingresar, ascender, nin permanecer na orde:

a) Os condenados a pena principal ou accesoria de perda de emprego, a suspensión de emprego, inhabilitación absoluta para mando de buque de guerra ou aeronave militar, inhabilitación absoluta ou inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo a superior a tres anos.

b) Os sancionados disciplinariamente con separación do servizo ou suspensión de emprego.

c) Os que, segundo o xuízo motivado da Asemblea Permanente, aínda tendo canceladas as notas desfavorables na súa historial militar, historial profesional ou expediente persoal, atendidos os antecedentes que serviron ás notas canceladas e os informes persoais de cualificación e a documentación achegada, e á vista da natureza dos feitos que os orixinaron, a súa repetición ou outras circunstancias, non se poida considerar que observaron unha conduta irreprobable, de acordo co establecido nas reais ordenanzas para as Forzas Armadas.

2. Non poderán ingresar nin ascender na orde os condenados por calquera delito ou falta, ou sancionados por calquera tipo de falta disciplinaria, mentres non fosen canceladas as correspondentes notas desfavorables.

3. Así mesmo, non poderán ingresar ou ascender e causarán baixa na orde, cando a Asemblea Permanente así o considere, aqueles que teñan dous ou máis informes persoais de cualificación anuais consecutivos negativos na cualificación global ou nos conceptos de disciplina ou prestixio.

4. Non poderán ingresar, ascender nin permanecer na orde aqueles que na súa solicitude omitan ou falseen datos de especial relevancia para a decisión da Asemblea Permanente.

5. Non poderán ingresar na orde aqueles que causasen baixa nela, tras a instrución do expediente previsto no artigo seguinte.

6. Para os efectos considerados neste artigo, os órganos de persoal onde radique a documentación do persoal das Forzas Armadas e do corpo da Garda Civil comunicarán á Asemblea Permanente as penas e sancións que sexan impostas e dean lugar a anotacións na súa historial militar, historial profesional ou expediente persoal, así como as cancelacións de notas desfavorables segundo a normativa penal e disciplinaria vixente. Para o persoal das Forzas Armadas a dita comunicación quedará formalizada coa anotación nos datos correspondentes do Sistema de información de persoal do Ministerio de Defensa (Siperdef).

#### Artigo 24. *Resolución de baixa na orde.*

1. A resolución de baixa na Real e Militar Orde de San Hermenexildo dalgún dos seus membros requirirá a instrución do correspondente expediente, que se iniciará de oficio, se resolverá no prazo de seis meses e se tramitará de acordo co recollido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. O instrutor do procedemento, que deberá ser de emprego superior ou máis antigo que o expedientado e con preferencia do mesmo exército, corpo común ou corpo da Garda Civil, será nomeado polo gran chanceler. Así mesmo, designarase un secretario que o asista. Ambos os dous deberán pertencer á orde.

Para iso, o gran chanceler designarao de entre o persoal que del dependa ou solicitará da persoa titular da Subsecretaría de Defensa, para os corpos comúns, ou do xefe de Estado Maior do Exército a que pertence o expedientado ou, se é o caso, da persoa titular da Dirección Xeral da Garda Civil, a proposta dos cabaleiros ou damas da orde que considere adecuados para o cargo de instrutor e secretario.

3. Á vista do resultado do expediente instruído, a Asemblea Permanente propoñerá a baixa ou a permanencia na orde do interesado.

En caso de que se propoña a baixa na orde, o gran chanceler trasladará a proposta á persoa titular do Ministerio de Defensa para a súa aprobación.

4. A resolución da baixa na Real e Militar Orde de San Hermenexildo dos cabaleiros ou damas Gran Cruz será adoptada por real decreto acordado en Consello de Ministros.

5. A resolución de baixa na Real e Militar Orde de San Hermenexildo dos cabaleiros ou damas pertencentes ás restantes categorías será adoptada mediante orde ministerial.

#### Artigo 25. *Baixa de persoal retirado ou coa condición de militar en suspenso.*

Con carácter extraordinario, causará baixa na orde o persoal coa consideración de militar retirado ou de Garda Civil retirado que protagonizase actos ou condutas que supoñan un descrédito para el mesmo e para a orde, por minar e poñer en cuestión os valores e as virtudes que deben adornar cantos pertencen a ela.

A utilización de tal facultade extraordinaria requirirá que o afectado fose condenado por feitos delituosos en virtude de sentenza firme e que fosen susceptibles de ser considerados gravemente atentatorios contra os valores de conduta exemplar e prestixio persoal que propugna a orde.

O expediente será instruído conforme o disposto no artigo 24 deste regulamento, logo de acordo da Asemblea Permanente para a apertura deste.

Aplicarase o mesmo procedemento para os militares e gardas civís coa dita condición en suspenso, de acordo coa normativa vixente. En todo caso, será indispensable a práctica do trámite de audiencia ao interesado.

Artigo 26. *Efectos da exclusión.*

A baixa como membro da Real e Militar Orde de San Hermenegildo producirá a perda de todas as prerrogativas inherentes á recompensa.

## CAPÍTULO VI

### Escudos, estandarte, condecoracións e insignias

Artigo 27. *Escudo.*

A Real e Militar Orde de San Hermenegildo, como «orde militar», ten a potestade de utilizar escudos representativos dos diversos estamentos desta.

1. Escudo da orde.

Escudo de contorno circular. En campo de azur, efixie de San Hermenegildo montado en cabalo galopando á sinistra cunha palma na man destra, todo de ouro, terrazado do mesmo. Bordura de esmalte branco coa lenda en ouro: Real y Militar Orden de San Hermenegildo.

Este escudo levará como adornos exteriores dúas pólas de loureiro de sinople, frotadas de gules, unidas polos seus troncos e leadas en punta con lazo de gules timbrado de coroa real.

2. Escudo de soberano.

Súa Maxestade o rei, como soberano da Real e Militar Orde de San Hermenegildo, utilizará as súas armas persoais rodeadas do colar de soberano da orde.

3. Escudo de gran chanceler.

O gran chanceler utilizará o escudo da orde con adornos exteriores rodeado polo colar de gran chanceler.

Artigo 28. *O estandarte.*

1. O estandarte da Real e Militar Orde de San Hermenegildo terá as seguintes características:

Estará formado por dúas teas de damasco de seda branca, para anverso e reverso, nun cadrado de 60 cm de lado. O pano levará unha orla de cor carmesí de dous centímetros de largo e desde o ángulo superior da vaiña ao ángulo inferior do pendente, banda da gran cruz nas súas cores de dez centímetros de largo. No centro do pano, escudo da orde con adornos exteriores. Flocadura de ouro de cinco centímetros.

A cimeira levará gravada a cruz de San Hermenegildo con coroa real na súas cores. A hasta será de bambú con intermedios e regatón gravados e esmaltados estilo Toledo.

A altura da hasta con cimeira será de dous metros corenta centímetros.

2. O estandarte será conservado e custodiado pola Asemblea Permanente e estará presente nos actos solemnes da orde.

3. O estandarte será portado por un cabaleiro ou dama Gran Cruz e escoltado por tres cabaleiros ou damas Placa.

Artigo 29. *Condecoracións.*

As condecoracións que referendan as distintas categorías da Real e Militar Orde de San Hermenegildo terán as seguintes características:

1. A cruz estará constituída polo escudo da orde, sen adornos exteriores, de dez milímetros de raio, no cal a bordura é de cor azul máis escuro e coa inscrición en ouro:

«PREMIO A LA CONSTANCIA MILITAR»; ao reverso, en campo de ouro, inscrición gravada en ouro: «F. VII» e bordura de azur.

Colada ao escudo unha cruz de catro brazos de esmalte branco fileteados de ouro, cuxa distancia entre os extremos dos brazos é de catorce milímetros. O brazo superior irá sumado de coroa real de ouro de quince milímetros. O total da cruz, con inclusión da argola, será de sesenta milímetros.

A cinta da que se deberá levar pendurado no lado esquerdo do peito será de trinta milímetros de largo, dividida en tres partes iguais en sentido lonxitudinal, e a do centro será de cor carmesí e as outras dúas brancas con filetes de dous milímetros carmesís, formando augas, e a súa lonxitude será tamén de trinta milímetros, sen incluír o pasador.

2. A encomenda será unha cruz, similar á anteriormente descrita, na que o escudo da orde é de sete milímetros de raio e ten a bordura en esmalte branco, coa mesma inscrición que a cruz, e rodeando o todo dúas pólas de loureiro de sinople frotadas de gules, unidas polos seus troncos e leadas en punta con lazo de gules.

Levarase pendurado do pescozo cunha cinta de trinta milímetros de largo, de lonxitude adecuada para que se coloque sobre o nó da gravata, de análogas cores ás descritas para a cinta da cruz.

3. A placa terá o mesmo escudo que a encomenda, con adornos exteriores excepto a coroa real. Irá colado a unha cruz de ouro con escamas abrillantadas da mesma tonalidade nos seus brazos, e entre estes levará cinco raxeiras unidas en prata; cada brazo terá dúas puntas rematadas por pequenos globos en ouro. A distancia entre puntas opostas será de setenta milímetros.

4. A gran cruz consistirá nunha placa similar á anteriormente descrita, cargada cunha coroa real no brazo superior da cruz, apoiada sobre as dúas pólas de loureiro, descritas na encomenda.

Complementarase, así mesmo, cunha banda de seda de dez centímetros de largo, da mesma clase e cores asignadas para a cinta da cruz, que se levará terzada do ombro dereito ao lado esquerdo, uníndose aos seus extremos cun lazo da mesma cinta, do cal pendurará a cruz suxeita con outro lazo da cinta correspondente a esta condecoración.

#### Artigo 30. *Pasadores.*

O pasador é a representación da condecoración correspondente. Está constituído pola cinta da medalla montada sobre unha armazón metálica de forma e dimensións establecidas nas normas regulamentarias de uniformidade, e será idéntico para todas as categorías.

Co obxecto de distinguilas levarán incorporados os seguintes distintivos:

- a) Gran cruz: coroa real.
- b) Placa: santo padroeiro a cabalo, en ouro.
- c) Encomenda: dúas palmas cruzadas, en ouro.

#### Artigo 31. *Insignias.*

1. Colar do soberano. Corresponde á súa maxestade o rei.

O colar está composto por doce escudos escuartelados. Primeiro de Castela, segundo de León, terceiro de Aragón, cuarto de Navarra, entado en punta Granada e escusón sobre o todo de Borbón-Anjou, timbrados de coroa real, unidos por trece elos rectangulares en campo de azur, «figura en oito» en ouro e bordura de gules.

Na parte central, pendurado o escudo da orde, sobre cartela de esmalte branco fileteada de ouro, sementada de talos vexetais en ouro formando ondas e volutas. A bordura leva a inscrición en ouro: «PREMIO A LA CONSTANCIA MILITAR», rodeado o conxunto de dúas pólas de loureiro unidas polos seus troncos e leadas en punta con lazo de gules. O todo timbrado de coroa real. Ao reverso, en esmalte branco, inscrición gravada en ouro: «F. VII» e bordura de azur.



2. Colar de gran chanceler. Corresponde o seu uso, durante o desempeño do cargo, ao xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do Aire nomeado para este.

O colar consta de oito escudos da orde rodeados de dúas pólas de loureiro unidas polos seus troncos e leadas en punta con lazo de gules, nos que a bordura levará a inscrición en ouro: «PREMIO A LA CONSTANCIA MILITAR», unidos por oito elos rectangulares, que levan sobre un campo de azur unha «figura en oito» de ouro e bordura de gules.

Como peza central leva o emblema interexércitos, todo de ouro e, pendurado del, o escudo da orde sobre cartela de esmalte branco fileteada de ouro, sementada de talos vexetais en ouro formando ondas e volutas. A bordura leva a inscrición en ouro: «PREMIO A LA CONSTANCIA MILITAR», rodeado o conxunto de dúas pólas de loureiro unidas polos seus troncos e leadas en punta con lazo de gules. A cartela cargada con coroa real. Ao reverso, en esmalte branco, inscrición gravada en ouro: «F. VII» e bordura de azur.

3. Medallas pectorais. Acreditan os cabaleiros ou damas que integran distintos estamentos na orde. Corresponde o seu uso aos membros do Capítulo, da Asemblea Permanente e da Comisión Executiva.

Esta medalla consta do escudo da orde, sobre cartela, na cal a bordura leva a inscrición: «PREMIO A LA CONSTANCIA MILITAR», rodeado o conxunto de dúas pólas de loureiro unidas polos seus troncos e leadas en punta con lazo de gules e o todo timbrado de coroa real, que será de ouro na dos cabaleiros capitulares, pendurado ao pescozo dun cordón, e suxeito por unha argola cun pasador e, sobre este, emblema interexércitos nos seus esmaltes.

A cartela será de ouro sementada de talos vexetais en ouro formando ondas e volutas, a súa bordura será tamén de ouro, para os cabaleiros capitulares, e de esmalte branco perfilada en ouro, para os cabaleiros membros da Asemblea Permanente e os da Comisión Executiva.

O cordón será de ouro para os membros da Asemblea Permanente, de prata para o resto dos cabaleiros capitulares e corinto para os membros da Comisión Executiva.

#### ANEXO

Nas figuras deste anexo están representados os escudos, o estandarte, as condecoracións, os pasadores e as insignias da Real e Militar Orde de San Hermenegildo.

#### ESCUDO DA ORDE




#### ESCUDO DE SOBERANO SM DON FELIPE VI




ESCUDO DE GRAN CHANCELER




ESTANDARTE



CRUZ  
ANVERSO REVERSO



ENCOMENDA



PLACA



## GRAN CRUZ



## REAL E MILITAR ORDE DE SAN HERMENEXILDO PASADORES DAS CONDECORACIÓNS QUE REPRESENTAN AS DISTINTAS CATEGORÍAS



GRAN CRUZ



COMENDADOR



CRUZADA



CRUCIADO



CABALLERO

Medidas segundo normas de uniformidade


COLAR DE SOBERANO

Colar de 1.020 mm de longo



COLAR DE GRAN CHANCELER

Colar de 1,100 mm de longo



MEDALLAS PECTORAIS

Cordón de 760 mm de longo

Membros da Asemblea

Cordón ouro



Cabaleiros e damas capitulares  
Cordón prata



Comisión Executiva  
Cordón corinto



REFERENCIAS «PANTONE» PARA NORMALIZACIÓN DA COR DOS ESMALTES  
PALETA DE COR «PANTONE» MATCHING SYSTEM

CAIXE		19-0623Z (C)
ARREMANO		26-0505Z (C)
AZUL		28-5202Z (C)
VERDE		35-0543Z (C)
VERMELLO		19-0623Z (C)
VERMELLO		19-0623Z (C)
AMARELO		10-0643Z (C)
ORO		10-0643Z (C)
PLATA		10-0643Z (C)